

I

Era media mañá. A estampa, que ante os seus ollos se abría, semellaba unha daquelas postais que mercara nalgunha das moitas librerías que había na súa cidade.

Fóra, o sol comezaba a desentumecer a natureza durmida coa xeadada que pousara, furtiva, na escuridade da longa noite pasada.

Tan sequera fora capaz de pechar os ollos. Non conseguira dar co acougo que se precisa para prender nos brazos do sono.

Foran moitas emocións xuntas, nas derradeiras horas, desde que, pola tardiña, a meteran naquela ambulancia nova que a trouxo, ata aquí, desde A Coruña, aquela fermosa cidade dominada polo inmenso océano e a gran torre que, altiva, se mantiña en pé, a pesar dos milleiros de anos que, alí levaba, impertérrita. Seica foi un xigantesco faro construído nos tempos antigos polos invasores romanos, segundo escoitara algunhas veces.

De pequena, a mestra da aldea contáralles que aquela torre de granito foi mandada levantar polo rei Breogán no fin dos seus territorios, dos seus dominios, cun enorme espello na parte máis alta para que nel se reflectisen todas as embarcacións, tanto amigas como inimigas, que andasen por mar aberto... alí onde a vista non alcanzaba. Así podería controlar todo o que ocorría tamén nas augas, non só na terra firme.

—Nas noites claras de lúa, cuns anteollos de longa distancia, se un sobe ao cume máis alto do monte da Lama, pódese ver a súa potente luz, por riba das montañas, dos vales, das serras —comentáralle un día a súa nai, no maxestoso caserón da aldea.

—Non pode ser, miña nai —protestara ela—, se di o meu irmán que está tan lonxe, que, cando foi no tren, lle levou todo o día chegar.

—Pois é verdade, que a min mo dixo o meu pai e a el o seu, e a el o...

—Ao mellor é certo —contestáralle sen ningunha convicción.

As case catro horas de auto fixéranselle moi longas. Era unha sorte que a nova enfermeira que mandaran por ela, para acompañala na viaxe, fose tan amable. Non paraba de darlle conversa para que non se durmisse. Se o facía, non podería manter a perna inmóbil, e se a movía, doeríalle moito máis.

Ana estaba sentada diante dos xigantescos cristais da galería, que case ocupaba a fachada do edificio que ía ser o seu fogar por unha longa tempada.

Ollando cara a fóra, sentíase libre como as gaiotas prateadas da praia que tanto lle gustaba mirar, cando andaban en continuas pelexas polo peixe que os mariñeiros lles guindaban moi lonxe para que os deixasen traballar.

Contemplaba, incrédula, aquela paisaxe que tantas veces pensara que esquecera. Cría que non lembraría nada de como era a súa aldea. Imaxinábaa moi cambiada, diferente, distinta. Mais non era así.

Era case a mesma imaxe que conservaba na súa alma, ou no seu corazón ou, mellor, nos dous lugares á mesma vez, porque as lembranzas non se agachan só nun lugar, fano no corpo enteiro.

Se acaso, a paisaxe mudara un pouco, nada máis: algunha estrada nova, unhas poucas casas de recente construción, algúns fíos metálicos, que antes non estaban, pendurados das altas torres brancas que, seica, levaban a electricidade para todo o resto do país, algún taller de reparación de autos, algún coche pola estrada, algún tren que cruzaba ruidoso o val co seu agudo asubío de sempre como o convoi de carbón, sen aquela fumareda de antano, que ascendía desafiante cara ao ceo para mesturarse coas nubes asustadizas. Sempre pitaba ás horas de comer.

Semellaba que o seu val estivera detido no tempo. Moitos anos máis vello. Pero era o seu lugar, a súa aldea, o seu berce.

Detivo a súa tranquila mirada no vello pazo solitario que seguía dominándoo todo desde o seu trono, no alto do outeiro, vestido co verde das hedras que ascendían a oito polas paredes de cal e pedras arrancadas das entrañas do río, había seguramente centos de anos e apañadas en carros, desde as augas bravas, cristalinas, que, segundo lle escoitara aos máis vellos, estiveran, noutro tempo, cheas de milleiros de diminutas brillantes pebidas do cobizoso ouro que fora marchando para Roma.

Os muros estaban, agora, cubertos de herba e de maleza sostenendo aquelas paredes, a piques de derrubarse.

As amplas solainas de centos de pequenos cristais amosaban a soidade amoreada durante longos anos. Desde onde ela estaba sentada, aquela mañá, podía imaxinar os ocos polos que as atrevidas plantas verdosas se coaban para dentro, como ladróns sen escrúpulos, a plena luz do día.

Os corredores nos que antano penduraran moreas de mazarocas de millo amarelo, que apañaran os criados do caserón e se deixaban, durante todo o inverno, secando ata as longas noites de decembro, nas que media ducia de fortes homes, ían debullando a carón da cociña de ferro, sempre acesa, nos días de frío. Aqueles andares, desde onde ela os estaba observando semellaban despín-

tados, comestos polos anos, polo frío, pola calor, polas augas, polo sol, pola xeadá, polo abandono, polo esquecemento...

Cando a súa perna estivese mellor e en canto lle retirasen a escaiola que lle puxeran no hospital da cidade, iría unha tarde andando ata alí, aínda que sabía que non había ser quen de controlar as emocións e se botaría a chorar.

Era o mesmo, xa o facía a miúdo. Poucas bágoas máis podería derramar!

Tampouco faría falta agardar para iso, porque, xa, os ollos se lle humedecían e deixaban derramar unhas pingotas mudas, case resecas que baixaban moi amodo, polas súas meixelas que comezaban a amosar unhas tímidas engurras. Sacou do peto un pano branco cunha rosa debuxada no mesmo centro e enxugounas, axiña. Non quería que ninguén a vise así.

Nunca a viran. Sempre choraba na escuridade e no silencio do seu cuarto.

Tamén era verdade que naquel intre as bágoas non eran pola tristura, senón pola ledicia que lle estaba a producir o estar, de novo, na súa terra, no seu lugar, no seu berce, pola felicidade de estar ollando o seu outeiro, só a uns centos de metros, no outro lado dos cristais, de ver a casa na que nacera, a devesa pola que correra as súas aventuras primeiras, o regueiro do que tan fermosas e inesquecibles lembranzas gardaba agachadas no peito. Mesmo lle parecía que estaba a sentir o cheiro que o enchía todo e inundaba o aire; o agradable ulido que desprendían as flores silvestres que adornaban en todas as estacións do ano os camiños; a humidade do inverno ou os centos de aromas que se mesturaban cada primavera; aquel ulido a herba seca de cada verán cando os homes do pazo a levaban a gardar na palleira, a carón do muíño; unha embriagante fragancia a uva e castañas no comezo de cada outono serodio mesturado coas primeiras brétemas madrugadoras que se fundían nas ladeiras do monte, cando o verán remataba os seus días e deixaba a montaña pintada con

todas as cores do arco da vella entrelazadas no colo da natureza agreste.

Sempre fora algo especial para ela, o outono.

Dos seus pensamentos nostálgicos sacouna unha voz aguda, metálica, nos altofalantes, que resoou en todos os andares e nos amplos corredores solleiros do xigantesco edificio no que ía estar unha longa tempada, mentres non lle sandase aquela perna que case non a deixaba manterse en pé, a pesar das dúas muletas, das que precisaba axudarse para andar un pouco.

Cando xa estivese ben, pensaría con calma se volvería para a cidade, ao pequeno apartamento que mercara había algúns anos, fronte ao porto, no que, con envexa, vía partir e chegar continuamente os barcos cheos de xentes e de ilusións.

Cantas apertas se vían desde a pequena fiestra do seu apartamento! Ningunha era para ela. O seu tempo xa pasara.

Ao mellor atopábase a gusto na residencia e, cando mellorase de todo, arranxaba un cuarto no vello pazo ou alugaba unha casaña pequena a algún dos veciños, se era que aínda se lembraban dela:

—Comunícase aos señores e ás señoras residentes que poden acudir, se o desexan, á consulta do doutor a partir deste intre.

Moi pronto, aquela voz feminina resultarlle familiar, porque sempre avisaba pola amplificación... pola mañá, pola tarde, a calquera hora.

No seu ombro pousou unha man suave que lle resultou coñecida:

—Bos días, avoíña, que tal descansou vostede? —era a mesma voz doce do outro día, pola tardiña, aquel case murmurio co que adoitaba falar a enfermeira Diana, a rapaza que a acompa-

ñara na longa viaxe na ambulancia, aquela moza pequerrecha que sempre estaba a sorrir.

— Ben, filliña, ben, pero non me chames así, que me fas moi maior e... —iron mirándose, en fite, aos ollos con esa mirada que flúe sen que nos decatemos, cando unha persoa é quen de entrar no mesmo fondo dos nosos segredos, esa que nos fai sentir mellor sen que saibamos sequera o porqué.

— Ten que acompañarme vostede ao despacho da directora —dixo, gravemente, a rapaza.

— Logo, que fixen? Vaime castigar? —respondeu Ana, tamén con gravidade, porque sabía que a superiora, a muller que rexentaba aquela casa, na que convivían máis de douscentos anciáns, era moi seria e tiña certa sona de esixente. O tempo encargárase de mostrarlle que non era tal. Aquela seriedade era só aparencia e agachaba un corazón cheo de bondade e agarimo para todos aqueles vellos.

— Ai...! Se se porta mal, pode quedar sen paseo ou sen fin de semana —a moza estaba a sorrir. Puxéronse a rir as dúas, de novo. Parecía que non se coñecesen só desde unhas horas antes. Era como se fose desde sempre.

Axudoulle a incorporarse e lentamente dirixíronse cara ao ascensor que as baixaría desde o terceiro piso á planta baixa, onde estaba o despacho da directora, fronte á portería na que se gardaban as chaves de todos os cuartos. Non se decatara pola noite, cando chegaran, pero todo estaba cheo de macetas, de flores moi ben coidadas. Todas as plantas e o mesto arboredo dos xardíns exteriores que servían de paseo estaban ao cargo dalgúns dos residentes para telos ocupados a meirande parte das horas do día.

A luz do sol entraba, a eito, polas galerías que daban ao sur. Sentados á quentura, os homes e as mulleres que, desde entón, ían ser os seus compañeiros, miraron para ela.

A porta estaba entreaberta. Chamaron. Dentro resoou a voz firme da señorita Anxela, que se levantou ao velas e correu cara á porta, para recibila.

—Pase, señora Ana, pase. Estaba agardando por vostede. Como estamos? —preguntou, mentres lle daba dous bicos de benvida, como acostumaba facer sempre cos novos que chegaban.

—Cansada. Xa non estou afeitada a estas viaxes tan longas. Será que me estou facendo maior! —sorriron.

—Sente, sente —convidouna a que se puxese cómoda para non forzar aquela perna que levaba só dúas semanas co xeso, desde que a partira por tres sitios diferentes nunha caída nalgunha das beirarrúas da cidade que a acollera nos seus brazos había máis de corenta anos, cando decidira abandonar para sempre aquel maldito pazo coa soa e firme idea de non volver máis, de afastarse para sempre daquelas xentes, da súa familia, que por estrañas razóns, que aínda agora non comprendía, non lle quixo permitir vivir a súa vida con quen ela elixira.

Seguía sen entendela, aínda que todo estaba no fondo do esquecemento, agora que ía cumprir os sesenta e catro anos que lle proporcionaban unha tranquilidade e un sosego interior, que noutro tempo non tivera.

—Que lle parece a nosa casa? —preguntou a muller de hábito marrón claro, que amosaba unha seguridade inusitada no seu ton seco de voz.

—Non lle sei —contestou sincera— imaxinaba que esta casa sería máis pequena, máis acollidora.

A monxa sorriu:

—Non se deixe enganar porque lle pareza moi grande. Xa verá vostede que a gusto se vai atopar con nós.

A vella Ana dicía que si coa cabeza, a pesar de que non era allea ás dificultades que ía ter para afacerse a estar sempre rode-

ada de xente, despois de tantos anos de soidade, sen máis compañía que aqueles recordos que conservaba vivos, que sobreviviran ao tempo e que compartían o seu espazo, a súa vida, nun apartamento, con dous gatos peludos, brancos, que tanto sentimento lle deu regalar á veciña, baixo a promesa de que os coidaría como se fosen persoas. Por algo levaban anos envellecendo con ela!

Conversaron durante moito tempo, case ata a hora do xantar, cando as sacou da conversa o altofalante, de novo, que estaba a anunciar que podían ir pasando ao comedor, se así o desexaban, a un alegre salón con teito de cristal que semellaba un enorme patio andaluz ao aire libre. A el daban todos os corredores por onde paseaban, case sempre solitarios, os homes e as mulleres que alí dentro compartían os seus derradeiros anos.

Camiñando moi amodo cruzou o ampuloso salón ao que daban os pequenos cuartos de visita que os domingos se enchían de familiares sentados a conversar despois da misa das once.

Non tiña moito apetito. Coa viaxe volvéralle a doer moito o xeonllo, moi intensamente, por veces.

Despois de comer un pouco de sopa quente, ía descansar uns minutos. Non moito tempo, no seu cuarto. Daba ao río, que se escondía tras os ameneiros e os chopos, alí abaixo no mesmo fondo do val.

As tardes aínda eran algo curtas e quería coñecer todos os recantos daquel xigantesco edificio por ver se atopaba algún coñecido para preguntarlle que fora de toda a xente da aldea.

II

Había case un mes que chegara. Moi rápido lle pasaran os días! Non imaxinaba que o tempo puidese correr tanto, co interminables que se lle facían os días e as noites na cidade. Non daba enchido as horas con cousa ningunha, con nada, mentres que aquí, desde que chegara, aquela noitiña, aínda non tivera tempo para aburrirse, para atoparse soa, para dedicarse ás súas lembranzas que asomaban por calquera paraxe das que se divisaban desde a transparente galería principal, desde onde, cada atardecer contemplaba a súa aldea.

Se volvía a vista para atrás, só un ano, talvez dous, non dese creto á sensación que agora lle producía estar alí, despois de que fuxira sendo unha moza para tan lonxe, nun vello tren que afumaba o ceo, a terra e o aire ao seu paso, coa promesa e o xuramento de non volver pisar, xamais, estas terras.

—O destino quixo que volvese, mais aínda non me dou feito á idea de que estea de novo aquí —dicía baixiño á pequena enfermeira Diana, cando a acompañaba ao hospital que construíran na vila, había uns poucos anos, nunha antiga lagorza chea de canas que ficaba asolagada cando o río se alporizaba coas nevadas do inverno e coas fortes choivas. Ás veces, mesmo chegaba ata as primeiras casas, que os veciños desaloxaban por se crecía de máis. A vella estrada de pedra e terra quedaba moitas veces tamén cuberta como se o mar viñese de visita ás terras da montaña.

Canto daría o inmenso océano por viaxar polos seus ríos arriba! Que sensacións de liberdade, de frescura ía coñecer!

Diana, aquela rapaza miúda, de pelo negro curto e cara de mazá estábanelle a facer inseparable nas visitas ao doutor. O agarrimo co que trataba a todos os vellos de alí facíana merecedora dos sorrisos máis sinceros e do mudo agradecemento, que se reflectía nas tenras miradas coas que a saudaban cada mañá.

—Andan a voar as emocións, non, avoíña? —díxolle, cando observou que os escuros ollos de Ana estaban a pórse húmidos, cando pasaron tan preto do pazo que case se podía sentir o cheiro dos centos de eucaliptos, que o invadía todo.

Seguía sen gustarlle que lle chamase daquel xeito, que era un mal costume, segundo ela, de todas as enfermeiras que non lle facía moito aquel. Non sabería dicir moi ben por que razón, talvez porque non tivera ocasión de ser nai, o que lle provocara, anos atrás, fortes reproches no seo da súa familia. Pero tería que tomalo a broma. A fin de contas, dicíano con moito respecto. Semellaba que con certa devoción.

Todos os rapaces e rapazas que traballaban alí eran conscientes de que aquelas persoas maiores precisaban un trato especial. Máis que os coidados que lles ofrecían, agradecían o afecto, as emocións, as caricias, as apertas, as frases amables...

Diana, que fora coñecendo xa algúns dos segredos, moi poucos, da súa vida, atreveuse a preguntar:

—Por que marchou da súa aldea, da súa casa?

A señora mirouna cun sorriso:

—Ao mellor algún día destes ata cho conto.

—Non a vexo eu, moi disposta a contar nada. É vostede moi pouco faladora —o xesto tranquilo e a mirada, case ausente, da vella disuadírona de seguir preguntando e calou. Xa tería

tempo abondo para saber dela. Sempre pasaba o mesmo ao principio.

Os demais residentes aínda ían contando algunhas cousas da súa vida, da súa familia, do seu mundo. Ela non. Ana non era capaz. Non desexaba desempeñar as lembranzas, poderíalle resultar perigoso.

Escoitaba, sorría, miraba coa mesma tenrura de sempre. Adoitaba escoitar os demais que, alí dentro vivían, pero sempre remataba soa diante da ampla soleira desde a que se divisaba o val enteiro e a súa casa, que nunca se cansaba de ollar, desde que chegara.

Quen llo ía dicir había algún tempo!

Baixaron do auto que as trouxo para acudir ao servizo de traumatoloxía no que probablemente lle cortarían o xeso e a deixarían un pouco máis ceibe. Tiña moitas ganas de andar sen el.

Ía para dous meses que llo puxeron e camiñaba moi mal: ese e non outro fora o motivo de tomar a decisión de escoller aquel asilo como lle daban en chamar antigamente. Había moitos anos que o seu pai dera en doazón uns terreos, nos que plantara centos de piñeiros, para que construíran unha residencia para os anciáns da comarca, polo que os seus descendentes terían, segundo un documento escrito, dereito a facer uso das instalacións a un módico prezo. Na Coruña, a súa insignificante pensión non lle alcanzaría para solicitar unha praza nin tampouco para pagar unha asistente que a atendese.

—De non ser así, eu non podería pagalo —explicoulle á rapaza, mentres esperaban na entrada da consulta do doutor. A enfermeira sorprendeuse un pouco, porque sabía que era unha das donas do pazo, e máis tamén escoitara que aquelas xentes, non había moitos anos, eran ricas, moi ricas.

—Non diga, vostede, iso que...

—Se ti soubeses, miña pequena! Se ti soubeses... —calou. Na porta chamaban por elas. Entraron.

Aquela perna e mais o xeonllo semellaba estar ben e non precisaría levar máis xeso, aínda que tería que andar cunha muleta, mentres o óso non fose collendo forza. Cando menos catro ou cinco meses máis.

Cando saíron, a rapaza mirou para ela con detemento:

—É vostede moi alta avoa. Seguro que os mozos máis fachendosos da comarca andaban como tolos atrás de vostede.

—Parvadas, pequena, parvadas —logo cambiaron de conversa—. Cando poida andar ben, heite convidar a visitar a miña vella casa. Era moi bonita, aínda que agora se vexa abandonada.

—Cando, vostede, o desexe —respondeulle.

De volta á residencia, observou como algunhas das poucas veciñas que aínda quedaban estaban sentadas nas pedras da estrada e se agachaban baixo os xigantescos plataneiros do sol do mediodía. Non as deu recoñecido.

O camiño que ascendía ao pazo estaba cheo de silveiras e o coche non podería pasar, senón, de boa gana, lle diría ao chofer que, por favor, a achegase alí, xunto ao muíño, e lle collese un ramiño daquelas olorosas flores amarelas.

—Sabes, Diana? As mimosas anuncian cada ano a primavera, son as primeiras en derrotar o inverno, que ten as outras plantas amedrentadas.

—Son moi bonitas, tan amarelas, tan brillantes. Verdade, avoa?

—As máis fermosas! Simbolizan a liberdade, a ansia de vivir, a quietude, a... —calou, mentres case as perdían de vista na curva do fondo do outeiro.

Quedaban atrás, pero os seus ollos non deixaban de mirar para alí.

—Xa vexo que son as súas flores preferidas. Mañá, cando veña para traballar, heille coller un fatiño delas para que as coloque no seu cuarto.

A vella non contestou, só lle colleu unha man con tenrura e lla apertou forte, moi forte...

—Ana, que me fai vostede dano! —murmurou a enfermeira, case no oído, mentres miraba para os seus longos cabelos escuros da cor das castañas e con algunha cana que outra, pousadas a chou.

—Perdoa, filla, perdoa —desculpouse, un pouco avergoñada.

—Non se preocupe que tampouco é que me rompese a man —sentía terlle dito nada. Achegouse un pouco máis a ela e pousoulle un bico na meixela, mentres ela a mirou cun sorriso.

Que pel máis suave conservaba! Semellaba aínda a dunha rapaza.

De volta no cuarto, Ana sentou a carón da fiestra coa súa perna enriba dunha cadeira para que lle descansase un pouco.

Comezáballe a doer, en canto tentaba andar un pouco. Habería de ter paciencia.

Non iría comer. O café con leite que tomaran nunha cafete-ría da vila quitáralle o apetito. Prefería descansar alí, naquela fies-tra, ao sol. Sempre lle gustara moito tomalo no corredor do pazo, aínda nos días de máis calor.

Quedou durmida, tan sequera sentiu o aviso para que se diri-xisen ao comedor. Espertárona uns golpes na porta:

—Pase, pase —dixo en voz alta. Era case media tarde. Sentiu vergoña, porque levaba tres ou catro horas durmindo.

Na porta estaba o mozo, o chofer do furgón que tiñan, sempre alí, para uso de todos os que o precisasen. Na man traía un gran ramo de mimosas que lle pousou na mesa.

—Moitas grazas... Pero ti, como puideches? —non sabía moi ben que dicirlle a aquel rapaz—. Moitas grazas.

—Non mas dea a min. Deixounas na portería Diana. Díxome que llelas subise eu, que ela andaba con présa, porque, como mañá non traballa, ía aproveitar para ir de viaxe.

—Esta rapaza... —murmurou.

O mozo marchou. Todo quedou outra vez en silencio.

O cheiro denso, penetrante, do mal amañado feixiño de flores, fíxolle perder a vista no punto onde se cruzaba o horizonte cos altos eucaliptos que subían desafiantes cara ao ceo, alá, preto do pazo, na beira do regueiro, a carón do muíño, onde unha pedra redonda xigantesca redonda convertía en fariña neboenta os grans de trigo ou de millo de todos os veciños da aldea. Non había outro, polo que todos ían moer, cando ela era aínda unha cativa, á acea do señor, como lle chamaban, con respecto, ao seu pai. Por algo era o dono de case todas as leiras, as pradarias e as viñas do lugar.

Un día como aquel, talvez á mesma hora, aparecera o pequeno Daniel, o Rabizo, para ensinarlle como lle prometera, onde atopara o primeiro niño de xílgaro con sete oviños brancos como a mesma neve.

—Como me gustaría ter uns paxariños nunha gaiola no patio da miña casa! —dixérlle a pequena Aniña, como lle chamaban na escola.

O Rabizo non atoparía unha ocasión mellor para amosarlle o que levaba dentro... que se sentía moi a gusto xunto dela.

—Eu collereinos e regálochos —púxose encarnado como as cereixas coas primeiras calores do mes de maio.

—Pero se foxen antes de collelos? —preguntou a rapaza, esperando unha resposta.

—Déixao nas miñas mans, heinos vixiar ata que queiran empezar a voar, que é cando hai que collelos, porque daquela xa saben comer sós e así non morren —disto entendía moito, da escola non tanto, o que lle custaba bos tiróns de orellas e bos castigos no cuarto dos ratos, onde a mestra os metía cando os rapaces facían algunha falcatruada. Naquel misterioso cuarto ninguén sabía o que pasaba, ningún dos que entraran algunha vez contaban nada.

—Heille dicir ao meu irmán Xosé que, cando vaia á vila, me merque unha gaiola para poñelos dentro —insinuara a pequena con algo de vergoña.

—Non, non llo digas que che hei facer unha así de grande para que che poidan saltar e voar nela. Non me gusta ver os paxaros en gaiolas pequenas como se estivesen nun cárcere —dixo o rapaz, estendendo todo o que daban os seus brazos fracos e denegridos, que asomaban polos buratos da camisa rota, chea de remendos.

Entraran na espesa e sombría devesa que ía desde o regueiro case ata a aldea veciña, por detrás do pazo, ás pavieiras de cedo onde estaba o pequeno niño colocado nunha póla de xunto á barda de pedra.

—Chsss —acenou o rapaz á súa amiga.

Achegáronse case sen pousar os pés no chan para non espantar a nai, que durmía confiada entre as pólas.

A pesar do coidado co que andaron, espertou o pequeno paxaro e saíu fuxindo como un lóstrego.

Ana puido contemplar a beleza daqueles ovos por vez primeira. Nunca os vira tan preto.

—Podo coller un? —preguntou, tímida.

—Non, non, que se pode romper. Son moi delicados, e case se derreten nas mans. Déixaos —díxolle o rapaz—. Se queres os paxariños, non podes andar nos ovos, porque os aborrece a nai e, ao mellor, non volve xunto deles.

—Pero podo vir velos outra vez?

—Tampouco. Se a nai desconfía que andamos tras eles, marcha para sempre. Cando están gorando son moi medorentos e desconfiados.

—E ti como o sabes?

—Seino e xa está —anoxouse o pequeno con tanta pregunta que non sabía explicar a xeito. Coñecía moi ben todas as cousas pola intuición coa que o aconsellaba a natureza, a primavera, a vida.

—Non te enfades, que os amigos non poden... —mirou para el que tentaba sorrir, querendo amosar que non, que non estaba nin moito menos anoxado.

Como ía estar se lle estaba a dicir dun niño de xílgaros á rapaciña máis bonita da aldea? Coa súa cara de boneca, os seus ollos acastañados, a súa boquiña de cereixa e o seu pelo semellante ao dos anxos que custodiaban o altar da capela... sempre tan ben repartido en dúas trenzas que lle chegaban ao medio da cintura e remataban en laciños dunha cor diferente cada día.

Non se daba conta, pero estaba inmóbil mirando para aquela nena, sempre coa roupa limpa, case nova. Ela mirou para Rabizo, para os seus ollos grandes que transparentaban a tristura do atardecer e a tenrura das noites de vento.

Sempre lle inspirara quietude o vento, cando zoaba nas grandes fiestras do pazo como se quixese desatrancalas e deixalas de par en par, nun sentimento contradictorio de inquietude e de paz, de desacougo e de harmonía, de medo e de sosego.

Os ollos daquel rapaz, que xamais sorría, tiñan algo especial que a facía tremer, desde que a mestra da aldea os puxera xuntos na escola, unha mañá calquera do inverno había dous anos, cando, ao cumprir, ela, os sete ou oito, comezara coa cartilla de lectura e cos pauciños no caderno que lle mercara o seu pai na cidade, unha das veces que fora a algunha reunión dos deputados provinciais, a onde acudía cada catro ou cinco meses desde que o elixiran deputado pola provincia de Ourense. Ela non sabía ben que era iso, pero era o mesmo.

Rabizo, ao igual que todos os outros rapaces, escribía nun encerado azul, cun pizarrín que rascaba na pedra e lle facía rechiar os dentes. Cando era a hora do recreo buscábao coa mirada para ir sentar con el na sombra do chopo negro a carón do camiño, mentres os demais xogaban ás escondidas.

Botábao moito de menos cando non viña! E isto ocorría con moita frecuencia. Cando remataba o inverno e viñan as primeiras calores e as herbas tenras saborosas para os rabaños de don Xacobe, o señor do pazo, o seu pai.

Rabizo era catro anos maior e aínda non sabía ler moi ben. Ana sempre tentaba axudalo, pero a súa cabeza non estaba nas letras nin nos vellos libros da escola. Andaba lonxe, no sobreiral onde tiña os lazos para cazar os coellos, ou co pensamento na afastada Arxentina, que no mapa estaba tan preto... onde, seica, marchara o seu pai, que non chegara a coñecer, pero que, segundo lle dicía a súa nai, Rosa, escribía todos os meses para mandar algún carto, aínda que por máis que o tentaba nunca vía unha daquelas cartas, e menos aquel diñeiro, que tampouco se atopaba por ningures na casa do lugar alto da aldea, no que Rosa vivía.

Era a primeira vez que estaban a soas e separados de todo, de todos, alí tras a barda, a carón das pavieiras:

—Rabizo, queres ser o meu mozo? —preguntoulle moi baixo.

—Ti estás tola, Ana —respondeulle, mentres agachaba a súa mirada, avergoñado.

—Queres ou non queres ? —insistiu.

—Non! Eu quero ser o teu amigo. Só o teu amigo! Oíches? —volvía estar anoxado. Ela sorriu.

Como ía ser doutro xeito?

O fillo dunha das criadas do pazo, non podía ser o mozo da señorita, como lle chamaban as persoas maiores a ela e mais á súa nai, as poucas veces que as vían pasear polas leiras. Seica a muller estaba enferma, por iso case non saía da casa, pero tiña sona de ser moi boa, máis que o seu home.

A pequena Ana achegouse ao rapaz, que deu un paso para atrás e tropezou coa fría parede amurallada de pedra e cal; achegoulle os beizos á cara e concentrou nun intre máxico toda a tenrura do vento, a ledicia das augas frías do arroyo, o aroma do piñeiral, o fresco da brisa do monte, as cores do arco que sempre espertaba despois dalgunha forte treboada.

Rabizo pensou desvanecerse. Non o podía crer. Ana estáballe dando un bico a el. Só a el!

Pechou os ollos, mentres ela non se apartou. Cando os abriu mirou para ela. O sol facía que os seus cabelos brillasen con mil tons diferentes. Achegou amodiño a súa man e pasoulla por aquela meixela suave, lene, de anxo, e botou a correr, de súpeto, polo húmido carreiro verdoso.

—Espera por min, Rabizo, espera por min —gritou a rapaza.

El non respondeu, só correu. Nin no máis agradable dos moitos soños que o espertaban na noite ousara imaxinar que a filla do señor, a rapaza de cabelo acastañado reluciente e dos ollos verdes como o ceo de abril, lle puidese pousar un bico na meixela. Pero non era un de tantos soños, era verdade.

A rapaza, cando, sen forzas, chegou ao muíño, sentou baixo o lintel da porta de castiñeiro entreaberta, a carón da gran pedra de moer o trigo e o millo. Alí, pousado, había un gran mañuzo de mimosas amarelas. Colleuno con emoción. Que ben recendían! Acaban de seren cortadas!

—Demo de Rabizo —espertou a vella do seu recordo durmido. Mirou para fóra, pola fiestra. A mimosa seguía alí, preto do pazo altivo, solitario, abandonado.